

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

DISCURSO DE APERTURA DE CURSO
DOMINGO DOCAMPO, RECTOR (1999)

(Texto adaptado e corrixido. Texto orixinal completo dispoñíbel en formato pdf: <http://www.gts.tsc.uvigo.es/~ddocampo/REITORIA/RECTORADO/1999.pdf>)

COMENTARIOS ESTRATÉXICAS

1.

Acollemos neste curso académico, no que conmemoraremos o décimo aniversario da nosa Institución, o acto solemne de inauguración de curso das tres universidades galegas, acto que simboliza a unidade e a vontade de cooperación dentro do sistema universitario galego.

a) ‘curso académico’: falta un adxectivo. Vén do título (preparación da sesión anterior). Estratexia: posibilidade de eliminar ao se tratar dun adxectivo e ao enlazar claramente co título. b) ‘décimo aniversario’ falta un substantivo cuxa carga semántica vén indicada polo verbo ‘conmemorar’ c) ‘acto solemne’: colocación. Estratexia: posibilidade de eliminar ao se tratar dun adxectivo e ao ser suficientemente transparente semanticamente o substantivo ‘acto’ que se refire deicticamente ao lugar e tempo presentes (= ‘aquí’) d) falta un adxectivo. polo contexto inmediato e polo título só cabe ‘universitario’, complementado por ‘galego’ se fixer falta.

2.

Saudamos por tanto, todas as universitarias e a todos os universitarios de Galicia, as autoridades e as amigas e os amigos que hoxe nos acompañan. A todos e a todas quero, no nome da Universidade de Vigo, darlles a benvida e agradecerlles a súa presenza hoxe entre nós.

a) recalcar recurso retórico frecuente: uso de dobles masculinos e femininos: ‘universitarios e universitarias’; ‘todos e todas’ (Cfr. repetido na seguinte frase tamén). Na tradución inversa, pola natureza do inglés, se poderá prescindir da utilización de tales dobles, pola que se simplifica a interpretación, gañando en tempo.

b) frase estereotipado: ‘aquí hoxe con nós’; ‘que hoxe nos acompañan’. Cumpre buscar frases apropiadas independentemente da frase exacta do TO, mantendo o teor formal do rexistro inicial.

c) que se agradece? Loxicamente a súa presenza. Remite a unha frase estereotipado similar á anterior. Estratexicamente é moi previsíbel, polo que se pode anticipar desde os recursos propios da intérprete unha frase apropiada sen se preocupar por esperar e traducir o segmento correcto do TO, levando así a unha produción máis natural e convincente e con menor esforzo que se poderá dedicar á execución doutras tarefas se couber. Cumpre ter unha batería de equivalencias nos dous sentidos da combinación lingüística. Máis xeralmente, a estratexia inversa consiste nunha simplificación sistémica de todo o tramo unha vez identificado o tipo de bloque do que se trata (benvida / agradecemento), incluso sen sintaxe, e.g. “Welcome students, authorities, friend. On behalf of the University, thank you for attending this event”.

3.

A rotación clásica da lección maxistral entre os diversos ámbitos de coñecemento deparounos a fortuna de contar co benquerido profesor e primeiro Rector desta Universidade, o Doutor Espada Recarey.

Primeiro tramo imposíbel de traducir, sobre todo en inversa (‘A rotación clásica da lección maxistral entre os diversos ámbitos de coñecemento’). Ademais, carece de contidos semánticos concretos,

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

tratándose máis ben dun elemento introdutorio, polo que se pode (e debe) optar por evitar para se centrar no elemento chave deste bloque, nomeadamente a presentación dunha persoeiro importante. Simplificación: “We (are lucky to) have with us today...”.

4.

Dende a súa experiencia na docencia, na investigación e na xestión universitaria, deunos unha visión persoal do pasado e o futuro da universidade, cos seus retos e claroscuros. Agradecemoslle que o fixese coa paixón de quen vive entregado á institución.

a) Cales poden ser os labores principais dun rector que foi (como se di) docente? Docencia, xestión (propio do cargo de reitor) e investigación (actividade complementario da docencia para os/as profesores/as universitarios/as)

b) Dúas opcións: ‘pasado e presente’ ou ‘pasado e futuro’. Ambas as opcións son válidas. Cumpre despexarse do texto para a intérprete intervir con naturalidade para complementar a secuencia totalmente previsíbel no canto de esperar para traducila (Vexase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b, 10b, 13b e 15c).

c) Fai falta un substantivo feminino que enlaza co contexto inmediato o tramo en cuestión e co discurso global até agora. Posibilidades: ‘universidade’, ‘docencia’, ‘institución’. Na tradución a escolla non fica limitada por cuestións de xénero gramatical, polo que se abre o abano de posíbeis traducións dentro do mesmo campo semántico, optando sempre para aquel que máis se pega co texto en termos non só semánticos, senón de facilidade e inmediatez de recuperación da equivalencia dinámica en cuestión e o rexistro do texto.

5.

A fasquía particular que trae a cerimonia de hoxe convida a prestar menor atención aos aspectos particulares que atinxen á nosa institución para dirixir a mirada a outras cuestións de maior relevo, e de interese xeral.

a) O termo ‘fasquía’ emprégase para dar un sabor máis enxebre ao discurso, polo que se pode prescindir de traducir en inglés, sobre todo que se pode centrar o tramo en constituír un suxeito gramatical sinxelo e fácil de traducir e transmitir para o público, sen titubeos: ‘This ceremony’.

b) Unha reestruturación partindo da simplificación sintáctica permite unha tradución máis fluída: ‘Today we will be paying less attention to...’ Este tipo de simplificación permite liberar esforzos para seren reinvestidos na procura do equivalente correcto en inglés de ‘prestar atención’, que tamén se podería simplificar, de non se atopar con suficiente rapidez’ > ‘discuss’ / ‘look at’, ‘talk about’, etc.

c) Ao se despexar a intérprete da tradución literal dos segmentos do texto, seguindo o fío condutor, o colofón da frase non pode ser outra que algún elemento contraposto semanticamente (antonimia) ao elemento anterior (Vexase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b, 10b e 13b, 15c).

6.

Unha mirada arredor da institución universitaria ten por forza que deterse primeiro no colectivo que dá razón de ser á Universidade: os estudantes. Á vista dos cambios no sistema educativo en todos os seus niveis, e do acceso case universal á educación superior que tivo lugar nos últimos quince anos, un pode preguntarse se as novas xeracións de estudantes chegan hoxe mellor ou peor preparadas que o facían onte.

a) Primeiro oco evidente se se reflexiona: ‘estudantes’, ‘estudiantado’, ‘alumnado’. Tradución fácil e previsíbel: ‘students’ (non procurar equivalentes máis complexas para termos como ‘estudiantado’)

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

b) O segundo tramo é previsíbel e fácil de complementar ao se tratar de dous elementos semanticamente opostos: ‘peor ou mellor’ (Véxase Comentarios 4b, 5c, 9b, 10b, 13b e 15c).

7.

Evidénciase sen dúbida un descenso do nivel medio na cualificación dos estudantes, consonte co paso da educación elitista de antano á educación **democratizada de hogano.**

a) Anticipar e complementar ao se tratar de dous elementos semanticamente contrapostos: ‘elitista + antano’ > ‘democrática/aberta + hogano’. A anticipación facilita o labor global da repartición dos esforzos, polo que na fase tradutiva será máis fácil recuperar os sinónimos ‘antano’ > ‘onte’ e ‘hogano’ > ‘hoxe’ para a súa tradución en inglés.

8.

Alén deste dato de relevo, obsérvase unha tendencia nos países desenvolvidos: as novas xeracións son moitísimo máis competentes no uso das **tecnoloxías; mergúllense ademais con destreza nos diferentes formatos nos que a información é hoxe presentada. Semellan padecer, nembargante, **eivas salientábeis** nas súas capacidades de comunicación oral e **escrita**, e na habilidade para pensar analiticamente.**

a) Omisión necesaria de elementos retóricos discursivos superfluos para unha tradución fluída e comprensíbel: ‘~~Alén deste dato de relevo, obsérvase~~ unha tendencia nos países desenvolvidos’ > ‘hai unha tendencia...’. Esta simplificación libera esforzos que se poden empregar na procura do termo inglés ‘trend’ no canto de ‘tendency’ > ‘There is a trend in developed countries...’.

b) Fíxense nos recursos metafóricos do orixinal (‘mergullarse en formato de información) que non cumpre tentar reproducir no TT, sabendo ademais que correría o duplo risco de non lograr traducilos correctamente no tempo debido por unha parte, levando á probabilidade de titubeos, paradas e á perda de información a continuación que podería ser de maior importancia e, por outra parte, o risco no ser axitado na lingua/cultura receptoras, aínda podendo ‘traducilo’ ben (podería incluso prestar ao riso!). Véxase Comentario 16b.

c) Fíxense no uso de recursos especificamente galegos hiperdiferencialistas (‘semellar’ no canto de ‘parecer’) e até formas non normativas (‘nembargante’) para dar unha patina de galeguidade ao texto, ocultando outras eivas sintácticas e de léxico noutras partes do texto. Aínda que non ten relevancia para a tradución ao inglés, o recoñecemento destes tipos de recursos debería pasar a formar parte do arsenal de recursos de tradución cara ao galego por parte das intérpretes para poderen elaborar discursos que se axeitan aos modelos naturais habituais (Véxase Comentarios 9a, 11a, 12b e 14a).

9.

É esta unha realidade que podemos lamentar ou aceptar. A primeira actitude conduce en xeral a porfiar en comportamentos condenados á esterilidade, a manter esquemas educativos que no seu día deron froito pero **poden non ser hoxe tan eficaces. A segunda ten que inspirar fórmulas educativas que traten de mellorar os aspectos que deben ser mellorados e tiren partido das **capacidades** dunhas xeracións afeitas ao uso dos medios que a sociedade moderna pon **á súa disposición**.**

a) Fíxense na utilización de recursos literarios: ‘porfiar en’. Aínda que non teñan relevancia para a tradución (de feito, débese simplificar sistematicamente), resulta importante recoñecelos por parte das intérpretes para os iren integrando nos recursos lingüísticos e estilísticas ao seu dispor por activo ao traduciren cara ao galego (Véxase Comentario 8c, 11a, 12b e 14a).

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

b) Anticipar e complementar o segundo elemento antagónico (estrutura: ‘antes positivos’ vs. ‘agora negativos/menos positivos’). Esta anticipación facilitará e flexibilizará as opcións de tradución cara ao inglés, sen ter que se cinxir a esperar para traducir o TO > ‘were (once) / used to be useful/positive, but which no longer are / which are now less so / which are less positive today...’ (Véxase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b, 10b e 13b).

c) Anticipación en función xa non do sentido e a cohesión lóxica interna do tramo do discurso en cuestión senón en función da colocación do microsegmento: ‘pór algo á disposición de alguén’.

10.

Fórmulas que deben concretarse en planos de estudio e programas autenticamente renovados, e na adopción de novos sistemas de avaliación que primen e premien o traballo persoal e colectivo ao longo do curso académico.

a) Uso recursivo de pares de palabras fonética e semanticamente similares xustapostas (‘primen e premien’). Na maioría destes casos se trata dun recursos puramente estilística, pódese prescindir dalgún dos dous elementos, optando por aquel que resulta máis fácil de traducir (Véxase tamén Comentario 15b).

b) Dobletes antonímicos fáciles de anticipar e pretraducir: ‘persoal (= individual) e colectivo’ (Véxase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b, 10b e 13b). A tradución resulta, pois, fácil ‘individual and collective / in groups’.

c) O contexto global e tema xeral do texto permite completar ‘ao longo do curso’ sen ter que esperar para traducir. Así que pode dedicar o esforzo aforrado en buscar o equivalente en inglés de ‘curso’, pensando no sinónimo galego ‘ano’ > ‘(academic) year’.

11.

A meirande revolución que se está a producir nas universidades, propiciada polas novas tecnoloxías, está perfectamente inserida na galaxia Gutenberg: podemos conseguir en pouco tempo o acceso universal, instantáneo, ás Bibliotecas e aos centros de produción de información a escala planetaria.

a) Uso de recurso xenuinamente galegos cun afán estilístico hiperdiferencialista: ‘meirande’ vs. ‘maior’ (Véxase Comentarios 8a, 9a, 12b e 14a)

b) Modismo (‘buzz word’) previsíbel: ‘novas tecnoloxías’. Anticipar facilita a pretradución > ‘new technologies’.

c) Frase estereotipada previsíbel ‘ a escala mundial / global / universal’, flexibilizando as posibilidades de tradución máis natura le menos literal > ‘around the world’.

12.

Esta situación podería producir no profesorado, nun reflexo do medo que no seu día suscitara a revolución industrial nos traballadores do século pasado, unha sensación de doada reemprazabilidade, de perda da condición de peza capital nos procesos de aprendizaxe.

a) Que tipos de revolución hai no contexto (Europa occidental)? Só cabe unha posibilidade: ‘the industrial revolution’, confirmado pola referencia temporal (século XIX). Pódese simplificar a referencia temporal (‘século dezanove’ / ‘século pasado’) mediante omisión, dando por suposto que todo o público saber a que período se refire .

b) Exemplo do pretendido efecto compensatorio de galeguismos hiperdiferencialists (‘doado’ vs. ‘fácil’) fronte a castrapismos (*‘reemprazabilidade’ do español ‘reemplazar’, en galego ‘substituír’). Véxase tamén . (Véxase Comentarios 8a, 9a, 11a e 12a).

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

c) Falta un adxectivo. Considérase válida calquera alternativa do campo semántico afín a ‘central, esencial, de primeira importancia...’, procurando a sinxeleza para a súa correspondente tradución (‘important’) ou aproveitando frases feitas coñecidas na batería persoa de recursos lingüísticos ao dispor de cada intérprete, por exemplo ‘key piece’.

13.

Mais non deberiamos esquecer que a tecnoloxía non é máis ca un instrumento, que facilita a comunicación, pero que non substitúe, mais ben complementa, o labor do mestre na aula, o diálogo e a interpretación, a titoría e a dirección; en definitiva, a capacidade de guiar a aprendizaxe, misión primordial do noso labor docente.

a) Previsíbel: non é máis ca un ‘instrumento, medio, ferramenta...’. Na tradución, o tremo inglés ‘tool’ abarca este concepto.

b) Dobletes antonímicos fáciles de anticipar e pretraducir: ‘non o substituí, senón que o complementa’ (= individual) e colectivo’ (Vexase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b e 10b).

14.

Lembremos as verbas que Albert Camus escribira para o seu profesor de primaria na súa mocidade norteafricana: “Os seus esforzos, o seu traballo, o corazón xeneroso que vostede puxo nas súas tarefas docentes seguen a estar vivos nun dos cativos escolares que malia seguir cumprindo anos non deixa de ser o seu alumno agradecido.”

a) Uso de recursos xenuinamente galegos cun afán estilístico hiperdiferencialista: ‘verbas’ vs. ‘palabras’ e ‘malia’ vs. ‘a pesar de’ (Véxase Comentarios 8a, 9a, 11a e 12b).

15.

A nada que nos esforcemos, atopamos nesa carta os trazos definitorios do bo profesor; a personalidade, a aptitude e a actitude, a capacidade de xerar aprendizaxe e o exemplo. Con esta receita, universal e atemporal, podemos os docentes renovarnos, e integrarnos, coa flexibilidade precisa, nos novos contextos educativos onde nunca deixaremos de ser imprescindíbeis se aprendemos e practicamos o papel, vello e novo a un tempo, que nos corresponde.

a) Simplificación e omisión de elementos retóricos superfluos (~~A nada que nos esforcemos~~). Recorrer a deícticos de referencia ambigua para evitar ter que reelaborar unha frase nova: ‘atopamos nesa carta’ > ‘iso demostra/indica/ilustra...’, máis amena e facilmente traducíbel como ‘this shows (us) / illustrates...’

b) Uso recursivo de pares de palabras fonética e semanticamente similares xustapostas (‘aptitude e actitude’). Neste caso resulta útil traducir ambos os elementos, sobre todo sabendo que ningún deles debe supor un problema no momento de o traducir (Véxase tamén Comentario 10a).

c) Dobletes antonímicos fáciles de anticipar e pretraducir: ‘vello e novo a un tempo’ (Vexase Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b).

16.

Debemos potenciar a capacidade do estudante de continuar por si mesmo a aprendizaxe, para tornar a gándara da información recibida en seara solleira na que agrome o coñecemento.

a) Fai falta un verbo cun campo semántico facilmente deducíbel polo contexto inmediato do tramo en cuestión e global do texto nos eu conxunto: ‘estudar, traballar, aprender...’.

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

b) Fíxense nos recursos metafóricos do orixinal ('para tornar a gándara da información recibida en serra solleira na que agrome o coñecemento') que non cumpre tentar reproducir no TT, sabendo ademais que correría o duplo risco de non lograr traducilos correctamente no tempo debido por unha parte, levando á probabilidade de titubeos, paradas e á perda de información a continuación que podería ser de maior importancia. Cumpre, pois, simplificar en base ao sentido (véxase a Teoría dos sentidos) > 'para que a información (recibida) sirva para crear coñecemento' ou, máis sinxelo aínda en inglés 'for the information (received) to be useful (for creating knowledge) (Véxase Comentario 8b).